

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DO
SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDEMENTOS
INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA
DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO E CON
PLURALIDADE DE CRITERIOS (Expt. 8/2009)**

1. OBXECTO DA CONTRATACIÓN

O Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) en función das atribucións definidas no Decreto 361/1998 do 4 de Decembro, publica este prego co obxecto da contratación dun servizo de tracto sucesivo consistente no desenvolvemento, implantación e evolución dun proxecto de mecanización integral nos procedementos relativos ó Sistema de Información de Nómina, que seguidamente se relacionan:

O obxecto do contrato é o servizo consistente nos traballos necesarios para a realización e creación de novas aplicacións que afectarán ás aplicacións de xestión, inspección, notificacións, recursos, valoración e intervención das Delegacións Territoriais da Consellería de Facenda, así como Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario, así como a integración das aplicacións establecidas nas bases de datos do Cixtec.

2. CONDICIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

2.1. Descrición dos traballos a realizar

Os oferentes disporán dos recursos humanos e medios técnicos necesarios para realizar o desenvolvemento, implantación e evolución dos procedementos informáticos que seguidamente se relacionan e que se especifican no Anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas.

Xunto ás melloras e novas funcionalidades que estes procedementos irán aportando, deberán realizarse as modificacións oportunas na aplicación para dar cobertura á lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

2.1.1. Antecedentes

Actualmente a Consellería de Facenda está a desenvolver un Sistema de Información da Xestión Tributaria no que é necesario o desenvolvemento de novas funcionalidades que se integren no sistema existente e convivan co resto de

sistemas informáticos da Consellería. Así mesmo, esta integración debe facerse sen perdas nin demoras na utilización dos sistemas existentes.

2.1.2. Oficina Virtual Tributaria

Obxectivos:

Considerase fundamental o impulso das actuacións no ámbito das novas tecnoloxías. Entre outras medidas a adoptar, destacan a realización dun novo deseño que simplifique seu uso y engada ergonomía y novas funcionalidades en materia de información y asistencia o contribuínte no cumprimento da súas abrigas tributarios, sobre todo tendendo en conta o uso que na actualidade se está rexistrando por parte dos profesionais, que utilizan esta vía como ferramenta para la realización da súas funcións en nome de terceiros. Adaptación as esixencias das novas tecnoloxías, en canto o uso de navegadores e outros productos que simplificarían a conexión dende ordenadores externos.

Entre outras medidas, pode sinalarse a posta a disposición dos cidadáns de modelos normalizados para as distintas solicitudes o instancias que poden plantexarse en materia tributaria, a publicación das consultas e criterios interpretativos máis relevantes, o acceso parcial a la base de datos de conocimiento, o plan de control tributario.

2.1.3. Novas funcionalidades da integración do módulo de información contable na xestión tributaria no programa XEITO

Obxectivos:

O crecente volume de información a tratar na aplicación dos tributos fai imprescindible unha continua ampliación e mellora dos medios informáticos. Entre as novas funcionalidades que se precisan respecto os actuais sistemas e necesario unha Integración dos módulos informáticos de xestión tributaria no modulo de información contable: Además dos evidentes beneficios na coordinación entre os órganos xestores e a intervención xeral da Comunidade, lograríase unha mellora unha gran rebaixa na mora da tramitación das devolucións de ingresos indebidos (o que beneficia no solo a os contribuíntes sino tamén a la propia Administración o reducir el importe de los intereses de demora a satisfacer) e o control de las mismas

(integración da xestión das devolucións co a compensación con débedas pendentes, derivacións de responsabilidade y xestión de aprazamentos y fraccionamentos).

2.1.4. Novo módulo de xestión de Recursos no programa Xeito

Obxectivos:

Os cambios normativos e procedimentales ocorridos nos últimos anos, poñen de manifesto a necesidade de abordar un novo modulo que veña a substituir a o existente na actualidade e que xestiona a tramitación de certa parte dos recursos que en materia tributaria son presentados por os contribuíntes o activados de oficio po la administración Autonómica

Para eso e preciso desenrolar de unha nova aplicación informática para el tratamento de todo tipo de recursos que podan darse para a totalidade dos impostos que xestiona o programa Xeito. O mesmo tempo e para levar a cabo os resultados dos recursos hasta as ultimas consecuencias será necesario a creación de unha aplicación que xestione a rectificación de autoliquidacions, xunto co as devolucións que poidieran derivarse de ambos. Hasta a esta data, todas as actuacións de rectificacións de autoliquidacions realízanse de forma manual, o que non solo dificulta a súa tramitación, senón tamén o seu control.

2.1.5. Novo programa de Sucesións en XEITO

Obxectivos:

Dende a posta en funcionamento do programa de axuda a liquidación do Imposto de Sucesións (ALIS), existe unha diferenca substancial no modelo de datos que subministran as liquidación presentadas mediante impresos modelo 650 e os que se presentan mediante o programa ALIS. A nova concepción de este ultimo facilita a súa tramitación dende os órganos xestores, dotando a o sistema de unha maior cantidade de datos e de unha estrutura de acordo as necesidades presentes.

Para elo e necesario modificar o modulo existente en Xeito e que xestiona a totalidade de liquidación presentadas tanto por Xeito como a través do Alis a efectos de igualar os procedementos de calculo Integrando os programas Xeito-ALIS: A modificación do programa de xestión tributaria (Xeito)

asumindo a configuración do programa de axuda a la liquidación do Imposto sobre Sucesions (ALIS) supón unha axilización dos procedementos de xestión y a posibilidade de establecer un servizo de asistencia na liña da campaña anual do IRPF

2.1.6. Control sobre a tramitación de Expedientes en XEITO

Obxectivos:

Mellora do control sobre o estado de tramitación dos expedientes tributarios (Fases y prazos): A caducidade dos procedementos tributarios introducida pola Lei 58/2003, Xeneral tributaria, dende o 1/7/2004, y seus efectos sobre a prescrición, fai imprescindible a creación de un sistema de control informático dos prazos nos procedementos tributarios que se realizan de forma masiva (procedementos de xestión tributaria).

2.1.7. Desenvolvemento dun módulo que xestione as Sancións Tributarias.

Obxectivos:

Unha vez posto en funcionamento os procedementos informáticos que prestan servizo os departamentos de Inspección dos Departamentos Territoriais da Consellería de Facenda que levan a cabo a xestión dos expedientes inspectores, a valoración dos bens afectos e a posible liquidación que lle corresponda, e necesario dotar de unha ferramenta que para todas esas liquidacións poda practicarse dunha forma sinxela e automática dun expediente que faga posible unha liquidación pola Sanción Tributaria que lle corresponda en cada momento.

Este expediente nace tendo en conta os factores desencadenantes da xestión practicada pola Inspección Tributaria.

2.1.8. Desenvolvemento de módulos de xestión de Tributos propios, Tributos sobre o Xogo e Prezos

Os tributos propios da Xunta de Galicia, actualmente veñen xestionándose de forma manual, xa que non están desenvolvidos os programas informáticos para o seu tratamento informatizado.

Os tributos sobre o xogo teñen un módulo de xestión que trata a información de algunha das modalidades da tributación, pero non todas.

As taxas, os prezos e as sancións administrativas contan con unha base de datos dos ingresos realizados ao traveso das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

Cómpre polo tanto desenvolver módulos que permitan tanto o tratamento informatizado dos procedementos tributarios nestes tributos, como aproveitar e estender as utilidades do XEITO a estes procesos, como a explotación dos datos para estudos sobre os que basear as modificacións normativas tributarias a apreciación de incidencias a resolver, o cruce informático coas aplicacións informáticas doutras administracións, en aras dunha mellora do control dos ingresos de Dereito público, que actualmente se realizan dun xeito non automático.

2.1.8.1. Tributos sobre o Xogo.

No XEITO existen algúns procesos informáticos para o tratamento dalgunhas modalidades pero non están consideradas tódalas modalidades do xogo. Ademais hai que ter en conta que cómpre actualizar os procesos máis desenvolvidos (máquinas) á nova filosofía da normativa promulgada nesta materia (o Regulamento galego de máquinas de xogo).

En concreto, en materia de casinos, actualmente presentan as autoliquidacións telemáticamente e habería que desenvolver un módulo que recollera os datos presentados (pantalla de consulta das autoliquidacións presentadas, na que consten os datos do ingreso, da presentación, e o contido da autoliquidación) e que os puidera tratar, xa que ligado a cada expediente, poderá haber autoliquidacións complementarias, liquidacións complementarias (p. e. liquidacións de recarga extemporánea consonte co artigo 27 da LXT), aprazamentos e fraccionamentos da débeda tributaria (deberá posibilitarse esta xestión como no resto dos tributos con xestión en XEITO e incluso arbitrar a posibilidade de solicitudes telemáticas), requirimentos, expediente/s sancionador/es asociado e recursos, así como actas de inspección, providencias de constrinximento, etc.

En materia de **bingos**, cumpriría desenvolver a posibilidade de emitir cartóns telemáticamente (desenvolvemento do bingo telemático) e o enlace

cos módulos de inspección, requirimentos, procedemento sancionador e o módulo de recursos, entre outros.

En materia de **máquinas**, cumpriría estender a OVT a todo tipo de presentación de autoliquidacións (fundamentalmente recuperacións fora do primeiro prazo de presentación en voluntaria), modificar os procesos informáticos para adaptalos á nova realidade, ampliar os requirimentos, abrir o módulo de recursos, enlazar cos módulos de sanción se co módulo de inspección.

Por último, na modalidade de **rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias**, é preciso introducir modificación se controis para poder levar un control máis estrito dos ingreso se cumpriría abrir o módulo de recursos, ampliar os requirimentos, enlazar co módulo de sancións, co módulo de inspección, entre outras.

Unha vez informatizados os datos será posible tratalos adecuadamente para podelos contrastar cos datos que obren en poder dos órganos da administración pública competentes na materia de xogo.

2.1.8.2. Imposto sobre a Contaminación Atmosférica

Este imposto está en funcionamento dende o ano 1996. Actualmente os suxeitos pasivos van poder realizar presentacións telemáticas, polo que cumpriría desenvolver un módulo de xestión para a captura dos datos das autoliquidacións (presentadas en papel ou telematicamente e que os puidera tratar, xa que ligado a cada expediente, poderá haber autoliquidacións complementarias, liquidacións complementarias (p. e. liquidacións de recarga extemporánea consonte co artigo 27 da LXT, procedementos de verificación de datos ou de comprobación), aprazamentos e fraccionamentos da débeda tributaria (deberá posibilitarse esta xestión como no resto dos tributos con xestión en XEITO e incluso arbitrar a posibilidade de solicitudes telemáticas), requirimentos, expediente/s sancionador/es asociado e recursos, así como actas de inspección, recadación executiva. Igualmente deben desenvolverse os instrumentos para poder realizar cruces informáticos deses datos cos datos que obren en poder da administración con competencias en materia de medio ambiente.

2.1.8.3. Imposto sobre o Dano Medioambiental Augas Encoradas

Este imposto ven esixíndose dende principios deste ano. Os suxeitos pasivos presentan telematicamente. Deberá desenvolverse un módulo de xestión para a captura dos datos das autoliquidacións e que os poida tratar, xa que ligado a cada expediente, poderá haber autoliquidacións complementarias, liquidacións complementarias (p. e. liquidacións de recarga extemporánea consonte co artigo 27 da LXT, procedementos de verificación de datos ou de comprobación), aprazamentos e fraccionamentos da débeda tributaria (deberá posibilitarse esta xestión como no resto dos tributos con xestión en XEITO e incluso arbitrar a posibilidade de solicitudes telemáticas), requirimentos, expediente/s sancionador/es asociado e recursos, así como actas de inspección. Igualmente deben desenvolverse os instrumentos para poder realizar cruces informáticos deses datos cos datos que obren en poder da administración con competencias en materia de augas e industria.

2.1.8.4. Taxas, Prezos e Sancións Administrativas

Para estes ingresos existe unha aplicación informática que cómpre mellorar. De feito cumpriría que se integrase no XEITO e tivera un tratamento similar ao resto dos tributos, tendo en conta que as taxas o son e, non así os prezos nin as sancións, que teñen un réxime diferenciado. Unha vez realizado o traspaso sen perda de ningunha das utilidades actualmente existentes, deben arbitrarse os enlaces aos módulos de sancións (coas súas peculiaridades), de recursos, de inspección, aos procedementos de xestión (verificación de datos, comprobación) e procedementos de xestión de prezos e sancións. Deben desenvolverse determinadas utilidades como a xeración de autoliquidacións por lotes e de xeito individualizado, o desenvolvemento dun módulo de devolucións de taxas e prezos, a mecanización dos envíos dos ingresos aos organismos autónomos e entes de Dereito Público, entre outras.

Por outra banda, deberán definirse protocolos cos órganos xestores para os cruces cos datos das súas aplicacións e o alimentado dunhas e doutras.

2.2. Características da plataforma tecnolóxica

A plataforma tecnolóxica na que se van a desenvolver os traballos é un entorno cliente-servidor cunha arquitectura de tres capas:

1. Capa de presentación. Capa na que se definen as interfaces de usuario. Utilízanse clientes web estándar así como un cliente Windows denominado LionScreens.
2. Capa de aplicación. Capa na que se executan os procesos iniciados dende a capa de presentación. Utilízanse servidores Windows onde se executan programas compilados a Delphi dende a linguaxe LION.
3. Capa de base de datos. Capa que xestiona o acceso e mantemento da información. Utilízase SQL sobre servidores Windows.

Como ferramenta de desenvolvemento utilízase a ferramenta case LionDev, que mantén un repositorio único de programas, datos, formularios e documentación, permite múltiples entornos de desenvolvemento e a xeración de formularios cara os diversos clientes web existentes no mercado.

3. CONDICIÓN S DE EXECUCIÓN

3.1. Equipo de traballo

3.1.1. Recursos previstos

Os oferentes achegarán persoal coa titulación mínima de enxeñería técnica ou equivalente en informática ou TIC's (matemáticas, físicas, telecomunicacións, ciencias estatística). Os licitadores achegarán perfís de recursos suficientes que permitan desenvolver as tarefas contempladas neste prego, onde o mínimo de persoas propostas non pode ser inferior a 22.

3.1.2. Condicionantes do equipo de traballo

A falsidade no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre os valores do cuestionario e os coñecementos reais amosados na execución dos traballos, implicará asumir penalizacións e, se ó CIXTEC o considera oportuno, provocar a resolución do contrato.

3.1.3. Constitución inicial do equipo de traballo

O equipo humano deberá estar formado polos compoñentes relacionados na oferta adxudicataria. A autorización de cambios puntuais na composición deste requirirá das seguintes condicións:

- Xustificación detallada e suficiente, na que se explique o motivo do cambio.
- Presentación de posibles candidatos cun perfil de cualificación técnica igual ou superior ó da persoa que se pretende substituír.
- Aceptación do candidato polo director técnico.

Con carácter xeral establécese un período de proba dun mes. Se á finalización do período de proba o director técnico non xulgase axeitado o persoal achegado polo adxudicatario para a adecuada realización das prestacións do contrato, este poderá solicitar a súa substitución. Neste caso, o mes de proba non será facturable ó CIXTEC, por non realizarse a prestación coa calidade técnica requirida.

3.1.4. Modificación na composición do equipo de traballo

A avaliación final da produtividade e calidade dos traballos das persoas que realizan o servizo corresponde ó director técnico, sendo potestade súa solicitar o cambio de calquera dos compoñentes do equipo de traballo cun preaviso de quince días por outro de igual categoría, se existen razóns xustificadas que o aconsellen.

Se o adxudicatario propuxera o cambio dunha das persoas do equipo de traballo, o cambio deberá ser aceptado polo director técnico. A incorporación de novos recursos ó equipo de traballo terá que solicitarse cun preaviso de quince días. No caso de ser persoas non incluídas na oferta, a autorización polo CIXTEC requirirá das mesmas condicións que a constitución do equipo inicial.

O adxudicatario está obrigado a garantir un solapamento nas actividades do persoal substituído e do persoal substituto de, cando menos, quince días. Este solapamento de actividades ten por obxecto garantir a continuidade do servizo prestado. O solapamento que se produza correrá por conta do adxudicatario, non sendo facturable ó CIXTEC.

As baixas do persoal dunha duración tal que afecten ó servizo achegado terán que ser cubertas polo adxudicatario conforme os requisitos do presente apartado. No caso de que a excesiva mobilidade prexudique a realización dos traballos o adxudicatario poderá ser penalizado nos importes estimados dos prexuízos.

3.1.5. Xornada laboral e lugar de realización dos traballos

Os traballos realizaranse en locais habilitados polo adxudicatario, desprazándose ás dependencias da Consellería de Facenda ou CIXTEC segundo as necesidades do proxecto, correndo o gasto de desprazamento e dietas a cargo da empresa contratada. A xornada de traballo estará de acordo co horario establecido polo adxudicatario.

3.2. Medios físicos e lóxicos

O adxudicatario deberá contar cos medios propios, de toda índole, necesarios para levar a cabo con éxito os traballos obxecto do contrato.

O adxudicatario aportará pola súa conta, e con previa autorización do CIXTEC, de cara a asegurar a compatibilidade e a seguridade, as ferramentas hardware e software complementarias e que se estime pertinentes para o mellor cumprimento das prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

Os oferentes deberán contar cos medios técnicos necesarios para a conexión remota co CIXTEC dende as súas dependencias, así como do equipo hardware e licencias software imprescindibles para a prestación remota do servizo:

- Licencias de Acrobat Writer
- Licencias de Office

- Licencias de Windows Server

O custe dos equipos e licencias irá en todo caso por conta do adxudicatario.

3.3. Metodoloxía

3.3.1. Metodoloxía de desenvolvemento

A planificación, execución, análise, construción e implantación de aplicacións ou sistemas TIC axustaranse á metodoloxía Métrica V3, de xestión de proxectos para cada unidade ou módulo que se realice ó abeiro deste contrato.

A planificación, execución, análise, construción e implantación de aplicacións deberá facerse na linguaxe LION coa ferramenta de desenvolvemento LionDev sobre bases de datos SQL, sen prexuízo de calquera cambio tecnolóxico que se realice na arquitectura de sistemas ó longo do período de duración do contrato.

A empresa adxudicataria será responsable do mantemento dos contornos de desenvolvemento así como do paso a preproducción das novas versións dos produtos.

3.3.2. Calidade

Durante o desenvolvemento dos traballos e na execución das diferentes fases do proxecto o CIXTEC poderá establecer controis de calidade sobre a actividade desenvolvida e as aplicacións, sempre no marco do plan de calidade aplicable. En todo caso, o adxudicatario entregará mensualmente ó director técnico un informe de estado do proxecto en curso.

As revisións remitidas ao CIXTEC deberán estar o suficientemente probadas para que unha vez testadas polo persoal técnico do CIXTEC podan ser instaladas á maior brevidade posible. No caso de detectarse incidencias que desaconsellen a súa instalación, estas deberán ser solucionadas no prazo

máximo de 15 días a contar dende a notificación das incidencias por parte do CIXTEC.

3.3.3. Garantía dos traballos

O adxudicatario deberá garantir por un ano as aplicacións da presente contratación, contando dende a data de recepción deles, obrigándose a realizar durante o período os cambios necesarios para solucionar as deficiencias detectadas imputadas ó adxudicatario se o CIXTEC o solicita.

A garantía incluírá a solución de erros ocultos que se poñan de manifesto no funcionamento das aplicacións ou que se atopen mediante probas ou calquera outro medio, así como a conclusión da documentación incompleta e reparación da que conteña deficiencias. As aplicacións como consecuencia das reparacións de erros deberán entregarse de conformidade co esixido neste Prego.

O tempo de resposta ante unha solicitude de asistencia por erro nas aplicacións obtidas durante a execución do presente contrato será de como máximo de 24 horas.

3.3.4. Plan de formación

A formación do persoal do adxudicatario correrá por conta del, non asumindo o CIXTEC, en ningún caso, calquera custo derivado da formación.

3.3.5. Documentación dos traballos

O adxudicatario comprométese a xerar para cada produto obtido toda a documentación que lle sexa aplicable da especificación da metodoloxía do punto 2.3. do presente prego, e constará como mínimo de:

- Manual de usuario completo e actualizado cos cambios e novas versións
- Guía rápida de usuario, na que figuren as modificacións que o produto sufriu dende a última modificación
- Manual técnico de configuración e arquitectura
- Manual técnico da estrutura da base de datos
- Manual técnico de integración con outras aplicacións

- Resumen técnico das modificacións sufridas polo produto dende a última revisión

A documentación é propiedade exclusiva do CIXTEC sen que o contratista poida conservala, nin obter copia dela ou facilitala a terceiros sen a expresa autorización do CIXTEC.

O adxudicatario comprométese a entregar o número de exemplares e o soporte da documentación que o CIXTEC determine.

3.4. Dirección, seguimento e control dos traballos

Corresponde ó CIXTEC a supervisión e dirección dos traballos, propor as modificacións que se deban introducir ou, se é o caso, propor a suspensión dos traballos se houbera causa motivada.

O CIXTEC designará un director técnico que terá as seguintes funcións:

1. Velar polo cumprimento dos servizos esixidos e ofertados.
2. Realizar as certificacións parciais dos servizos prestados

O calendario de realizacións será planificado e axustado por períodos mensuais, baixo a iniciativa e coordinación do director técnico, coa participación e obrigada aceptación do adxudicatario.

O director técnico poderá determinar os procedementos de control de proxectos.

Tralas revisións técnicas o director técnico poderá rexeitar en todo ou en parte os traballos realizados, na medida en que non respondan ó especificados nas reunións de planificación ou non superar os controis de calidade.

3.5. Outros

O adxudicatario comprométese a realizar os traballos descritos no Anexo II do prego de cláusulas administrativas de acordo cos estándares profesionais mais elevados. Na execución do presente contrato o adxudicatario estará obrigado, de acordo coas circunstancias, a empregar o seu propio persoal da maior cualificación.

O adxudicatario comprométese a acudir a cantas reunións de traballo sexan necesarias, nos lugares que estableza o CIXTEC sen ningún custe adicional.

Resolución do contrato. Sen prexuízo do disposto na Lei de contratos das administracións públicas, o CIXTEC poderá resolver o contrato nos casos seguintes:

1. No caso dunha deficiencia grave na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo CIXTEC.
2. No caso de que un ou varios proxectos non foran implantados con éxito no CIXTEC.

O adxudicatario comprométese a:

1. Non instalar calquera software licenciado ó CIXTEC sen previa autorización por escrito.
2. Empregar o dito software no ámbito do presente contrato.
3. Protexer ó CIXTEC de accións de terceiras partes por incumprimento das leis de propiedade intelectual.

Santiago a 29 de xullo de 2009

O DIRECTOR XERAL DO CIXTEC

Asdo: Mauro Fernández Dabouza